

Comunicado do presidente de la Cámara de Comercio de Ferrol

Ferrol. 17/12/2010. Ante a decisión do Goberno de incluír no Real Decreto-Lei 13/2010 a supresión da obrigatoriedade de pago da cota cameral e as consecuencias que disto se derivan, o presidente da Cámara de Comercio de Ferrol manifesta:

- Trátase dunha medida arbitraria e improvisada, que deixa as Cámaras case sen marxe de reacción xa que presenta numerosas lagoas de carácter xurídico que, dificilmente, poderán resolverse antes do 1 de xaneiro do próximo ano, coa inseguridade que deste feito se deriva, tanto para os órganos de goberno e os traballadores destas entidades como para os propios empresarios.
- Aínda que polo momento é difícil avaliar as implicacións que vai ter para a Cámara de Ferrol en concreto, resulta evidente que vai afectar ao seu desenvolvemento presupostario e ás estruturas de persoal e servizos.
- A cota cameral tiña un efecto redistributivo en favor das empresas de menor dimensión. Os servizos que ata agora prestan as Cámaras aos autónomos e pequenas empresas están financiados fundamentalmente polos pagos das grandes empresas, proporcionais aos seus beneficios polo que dificilmente a súa supresión pode xustificarse como medida de apoio ás pemes.

No caso de Ferrol:

- O 53,3% das pequenas empresas e autónomos non pagan á Cámara
- O 82% das empresas ou non pagan ou teñen unha cota de menos de 20 € ao ano.
- O 61% dos ingresos por este concepto proceden de 306 empresas, que representan o 1,9% do censo e que achegan unha media de 1.158 € cada ano.
- A decisión do Goberno revela unha absoluta falta de coñecemento da natureza e funcións das Cámaras, xa que suprime o seu financiamento, sen establecer ningunha vía alternativa nin período transitorio, pero mantén, en cambio, a súa estrutura de corporación de dereito público —incongruente cun sistema de afiliación voluntario— e a obriga de seguir prestando funcións de carácter público-administrativas establecidas pola lei.



- De calquera xeito, a Cámara de Ferrol, cunha traxectoria de máis de cen anos de servizo ás empresas, seguirá a manter o seu compromiso co desenvolvemento económico de Ferrol, Eume e Ortegal, e fará un esforzo por continuar ofrecendo servizos que son vitais para unha economía sustentable, como o son o apoio á internacionalización, a formación, a innovación e a creación de empresas, principais eixes da súa actuación nos últimos anos. Necesitamos, en calquera caso, un período transitorio suficientemente razoable para a adaptación.
- Para lograr a continuidade dos servizos, e impulsar outros novos, as persoas que temos a responsabilidade de goberno e de xestión da Cámara trataremos de optimizar recursos e buscar novas vías de financiamento en colaboración co resto das Cámaras galegas e recabando o apoio da Xunta de Galicia, como administración tutelante das Cámaras.
- A este respecto, cómpre instar a que a Consellería de Economía e Industria aclare, no ámbito das súas competencias, as numerosas dúbidas sobre as cuestións de aplicación dun decreto que hai que implantar con carácter inmediato.

Juan Gato Díaz

